

## Acta de Reunión da Comisión Académica do Máster en Big Data

Lugar: Microsoft Teams

Día: 27/07/2022

Hora inicio: 12:00, Hora fin: 12:25h

Asisten:

André Campos Álvarez

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Manuel Mucientes Molina

Eduardo Sánchez Vila

Escusan asistencia:

Tomás Fernández Pena

Non asistiron:

Paula López Martínez

Beatriz Pateiro López

M<sup>a</sup> Carmen Palacios Oubiña

Orde do día:

1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (achégase coa convocatoria).

Apróbase por unanimidade.

2- Informe do coordinador.

O coordinador informa dos seguintes puntos:

O día 12 de xullo tivo lugar unha reunión entre os coordinadores da USC e da UM na que se analizaron os resultados do segundo cuatrimestre e se verificaron as guías docentes das materias nas dúas universidades.

O día 21 de xullo celebrouse a reunión anual co profesorado do Máster na USC, na que se trataron o seguintes puntos: informe do coordinador, análise de resultados, e resumo da reunión cos alumnos.

3- Valoración de méritos dos alumnos candidatos a cursar o Máster en 2022/2023.

Valoráronse os méritos dos alumnos candidatos segundo os criterios indicados a continuación:

1. Expediente Académico: 70 puntos máximo. Normalízase dividindo pola máxima nota dos candidatos presentados.

2. Experiencia Profesional/Laboral. Asígnase o máximo (20 puntos) aos candidatos que acrediten 2 anos ou máis de experiencia laboral/profesional TIC. Os candidatos que teñen menos de dous anos reciben a correspondente parte proporcional. Téñense en conta tamén as prácticas curriculares e extracurriculares.

3. Outros méritos: Ata un máximo de 10 puntos. Bolsas competitivas de prestixio ( FPU, Xunta, colaboración MEC): ata 10 puntos. Participación en proxectos de I+D: ata 10 puntos/ano.

Publicacións científicas: ata 10 puntos. Actividades formativas: cursos, certificacións profesionais, Masters, ou outras titulacións: ata 1 punto.

Determinouse a listaxe ordenada en base a dita puntuación.

4- Aprobación de tribunais para TFM depositados na convocatoria de setembro de 2022.

Apróbanse os seguintes tribunais:

Tribunal 1:

Titulares: Paulo Félix Lamas (P), Dora Blanco Heras (S), Paula López Martínez (V)

Suplente: Manuel Lama Penín

Tribunal 2:

Titulares: Antonio Mosquera González (P), Eduardo Sánchez Vila (S), Xosé Ramón Ríos Viqueira (V)

Suplente: David Losada Carril

5- Rolda aberta de intervencións.

Non houbo.